

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN TEMPORAL "BOTAMOS UN BAILE?" NO CONCELLO DE SANXENXO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, DECLARA:

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 17 de marzo de 2026 co Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo o instrumento convencional arriba referido por unha duración dende a data da súa sinatura ata o momento que cese o desenvolvemento previsto, isto é, dende o 27 de marzo ao 3 de maio de 2026, así como as datas anteriores e posteriores a dito intervalo, precisas para transporte, montaxe e desmontaxe das estruturas no espazo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre ambas institucións, para que a exposición "BOTAMOS UN BAILE?" itinere Paseo de Portonovo en Sanxenxo para a súa exhibición pública do 27 de marzo ao 3 de maio de 2026.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 2000/1.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social "a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e



tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

Neste contexto, a Fundación organiza a exposición itinerante “BOTAMOS UN BAILE?” adaptada da exposición que co mesmo nome realizou a Biblioteca de Galicia entre o 8 de novembro de 2023 e o 2 de xuño de 2024.

A exposición “BOTAMOS UN BAILE?” realiza unha aproximación histórica ás orquestras de verbena en Galicia, desde 1919 a 2019. A exposición ilustra a evolución das verbenas galegas, que adquiriron un carácter propio nas primeiras décadas do século XX: desde a incorporación á música tradicional de gaitas do país e as bandas de música doutras músicas bailables importadas de América coma o charleston, o fox-trot, o jazz ou o tango, pola emigración masiva desde Galicia a países como Cuba e a Arxentina, ata a segunda metade do século XX na que se inclúen no repertorio músicas coma a cumbia, o merengue, o rock, o pop e ata o reggaetón. O contido corresponde con fondos custodiados na Biblioteca de Galicia coma programas de festas, fotografías, discos de vinilo, casetes, CDs e sobre todo, carteis. A través destas pezas pódese apreciar a evolución dun xeito de lecer arraigado en Galicia.



Esta proposta desenvólvese no marco do programa de itinerancias que promove a Fundación Cidade da Cultura dentro do IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027, co obxecto de facilitar o acceso á cultura e en concreto ás propostas desenvolvidas no Gaiás.

Así mesmo, o IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027 establece como principais obxectivos estratéxicos, entre outros;

- OE1. Desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo;
 - Acción 1.2.3. Promotores externos.
 - Acción 1.3.2 Novos públicos
- OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego
 - Acción 1.2.2 Produtores de contidos expositivos de calidade para espazos cultural de Galicia.
 - Acción 1.4.3 Descentralización (descentralizar a programación da Cidade da Cultura e afondar nas itinerancias das principais exposicións, remarcando o papel da CdC como comisaria destas).
 - Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado (promover a co-creación de proxectos compartidos, como unha aproximación creativa ás empresas e marcas para o deseño de proxectos personalizados que fagan coincidir os valores da Cidade da Cultura cos das empresas).

Pola súa banda, Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo é unha entidade pertencente ao Concello de Sanxenxo e que nos seus estatutos ten asumida, entre outras, a seguinte competencia: desenrolar todo xénero de actividades culturais, festivas ou de ocio.

Neste senso, estima necesario colaborar coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, para que a exposición "Botamos Un Baile?" itinere ao Paseo de Portonovo en Sanxenxo para a súa exhibición pública do 27 de marzo ao 3 de maio de 2026.

O Concello de Sanxenxo dispón dos medios óptimos para a exhibición deste proxecto expositivo.



Tendo en conta o anterior, a Fundación e o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, no convencemento da relevancia desta exposición, traballan conxuntamente co obxectivo de achegar ao maior número de visitantes aos proxectos de posta en valor das artes visuais galegas que contribúan ao enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

